


AGE OF MITHOLOGY

Pertence ao grupo Age of... e ten o mesmo sistema de xogo. Pero introduce unha novidade importante: a mitoloxía. Deuses, seres fabulosos e heroes enfrontaranse na carreira por acadar o dominio do mundo.



A mitoloxía aparece dividida en tres grupos:

- nórdica: os deuses Loki, Odín e Thor, acompañados dos míticos guerreiros que agardan o Ragnarok (a Batalla da Fin do Mundo)
- grega: Zeus o pai dos deuses, Posidón o deus dos mares e Hades o señor do Inframundo terán a axuda dos heroes Ulises, Hércules, Jasón ou Aquiles
- exipcia: Osiris o deus dos mortos, Anubis o de cabeza de chacal, o falcón Horus e os máis bravos faraóns loitarán contra os invasores.

Ademais dos teus soldados humanos, deberás crear unidades míticas, moi caras pero moi efectivas, como os cíclopes, os xigantes de xeo e de lume, as walkirias, as momias retornadas do Alén ou os fabulosos colosos de Rodas feitos de ouro.

Vence a tentación de avanzar e xogar sen mirar e adica uns minutos a ler a información que aparece sobre as unidades mitolóxicas e os deuses. As explicacións son excelentes e axudaránche a aprender sen confusión tres das grandes mitoloxías da humanidade

